

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR DOUS POSTOS DE FORMADOR/A EN NOVAS TECNOLOXÍAS

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a contratación de dous Técnicos/as de Formación en novas tecnoloxías para a Fundación Cultural da Estrada, mediante o proxecto 'aestrada dixital', por obra e servizo, con cargo á actuación nº2 do ano 2007 do proxecto 'aestrada dixital'; Formación.

Establecerase un período de probas.

O posto rexerese polo establecido no convenio colectivo do sector de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra segundo a normativa vixente. A xornada de traballo será de 40 horas efectivas semanais, traballadas de luns a venres en réxime de xornada partida.

A retribución será de: 846,72 euros mensuais (brutos e estipulados en 12 mensualidades).

As funcións a desempeñar dende o posto de traballo serán as seguintes:

-Impartición do plan de alfabetización dixital 2007-2008 no entorno rural e urbán. (ver plan de alfabetización dixital 07/08)

Para a impartición do plan establécese, de xeito orientativo, o calendario no anexo I, sendo na súa maioría en horario de tarde, en concreto, nas primeiras horas da tarde a impartición establécese no urbán e nas últimas horas da tarde no rural, tendo nalgún caso, como día lectivo, o sábado.

-Configuración de equipos e redes das aulas onde se impartirá a formación.

Esta relación de funcións non é exhaustiva, xa que corresponderá aos presentes postos de traballo, en xeral, todas aquelas que na liña das descritas e similares a elas, sexan precisas para a boa marcha da actuación.

O proceso de selección efectuarase mediante concurso de méritos e entrevista persoal ó/á candidato/a.

SEGUNDA: CONDICIONS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes estarán en disposición de cumprir os seguintes requisitos antes do remate do prazo de presentación de instancias:

- Ter nacionalidade dalgún estado membro da Unión Europea.
- Maior de 18 anos.
- Demostrar experiencia no ámbito da docencia en novas tecnoloxías.

-Valorarase ter coñecementos de sistemas operativos e aplicacións non propietarias.

-Adecuación do perfil do candidato aos contidos e servizos do proxecto "aestrada dixital".

TERCEIRA: PRESENTACION DE SOLICITUDES E ADMISIÓN.

Realizarase segundo oferta solicitada ás oficinas da Estrada do Instituto Nacional de Emprego.

CUARTA: COMISION DE SELECCION.

A Comisión de Selección estará formada polos seguintes membros :

- Como Presidente o Director-Xerente do proxecto “aestrada dixital”.
- Dous Técnicos de ‘aestrada dixital’
- O Secretario da Fundación Cultural da Estrada, que actuará como secretario da Comisión.
- A Tesoureira da Fundación Cultural da Estrada.

As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría, xa sexan puntuación ou interpretacións. O Presidente terá voto de calidade en caso de empate.

Así mesmo, contra as resolucións e autos ditados pola Comisión de Selección e os seus autos de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ante o Presidente da Fundación Cultural da Estrada.

QUINTA: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Aos catro días naturais de expirado o prazo de presentación de instancias, a Comisión de Selección aprobará a lista de admitidos e excluídos, que será exposta no Taboleiro de anuncios de ‘aestrada dixital’ e na dirección de internet <http://www.aestrada dixital.org/>, o que servirá de notificación válida ós interesados, con indicación no seu caso das causas de exclusión. Na mesma lista de admitidos e excluídos figurará a data e lugar no que se terá prevista a exposición ó público dos resultados de cualificación da primeira fase de concurso de méritos, a efectos informativos.

SEXTA: FASES DAS PROBAS PUNTUABLES.

O proceso de selección constará de tres fases, a primeira consistente na superación dunha proba escrita, a segunda de valoración do currículo vitae, e a terceira delas consistente na realización dunha entrevista persoal e curricular.

A: Proba escrita.

A Comisión de selección convocará aos/as aspirantes a cada unha das prazas ofertadas para a realización dunha proba escrita de coñecementos sobre as materias referidas ás funcións que correspondan, detalladas na base primeira da presente convocatoria. Esta proba cualificarase cun máximo de 20 puntos e para superala e pasar á seguinte fase do proceso necesitarase acadar un mínimo de 10 puntos.

B : Valoración dos méritos

Cualificarase 14 puntos en función da formación e a experiencia profesional de acordo cos criterios establecidos a continuación,

-Por cada mes de experiencia en proxectos do programa de 'Cidades Dixitais' do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e Cofinanciado con fondos FEDER, realizando tarefas similares aos descritos na base primeira: 0, 25 puntos

-Por cada mes traballado nunha Administración Pública e/ou en empresa pública realizando funcións similares ás descritas para o posto: 0,15 puntos.

-Por cada mes traballado en empresa privada que inclúa como docente en novas tecnoloxías: 0,06 puntos.

OUTROS MÉRITOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA 4 PUNTOS)

· A posesión de titulación académica oficial superior á esixida para participar no proceso selectivo: 1,5 puntos por cada unha.

· Cursos de formación, perfeccionamento ou asistencia a seminarios que garden relación directa coas funcións do posto ofertado e teñan recoñecemento oficial, cun máximo de 2,50 puntos e conforme co seguinte baremo:

-Por cada curso ou seminario de formación igual ou superior a 20 horas: 0,10 puntos.

-Por cada curso de formación igual ou superior a 75 horas: 0,5 puntos.

Os méritos alegados só se computarán en caso de presentar documentos auténticos ou compulsados que os acrediten.

Acreditarase, así mesmo o coñecemento da lingua galega.

A Comisión de Selección queda facultada para a determinación do número mínimo de puntos a obter para a superación da fase de concurso de méritos, podendo pasar a seguinte fase os que superen dita puntuación mínima.

O resultado coa baremación obtida será publicado e exposto no taboleiro de anuncios de 'aestradadixital' e na dirección de internet <http://www.aestradadixital.org>, o que servirá de notificación válida ós interesados. Nas mesma lista de puntuacións figurará a data, hora e lugar para a celebración da fase de entrevista persoal coas indicacións oportunas sobre a actuación dos aspirantes.

B: Entrevista Persoal

A fase de entrevista persoal poderá efectuarse mediante preguntas formuladas pola Comisión de Selección en relación co perfil do candidato e o posto de traballo a desempeñar, sendo a puntuación máxima a obter nesta fase a de 6 puntos, debendo obterse un mínimo de 3 puntos para superar esta fase.

A Entrevista persoal poderá incluír preguntas tanto de carácter persoal como técnico.

Con independencia da puntuación alcanzada na Fase I, se ningún dos candidatos presentados obtivese o mínimo de 3 puntos na entrevista persoal, a Comisión de Selección poderá resolver deserta a praza, iniciando un novo proceso de selección.

SÉTIMA: NORMAS DE XESTIÓN DAS CUALIFICACIONES, PUBLICACION E CONTRATACIÓN

Se ó remate do proceso existira un empate entre dous ou mais aspirantes, a Comisión de Selección poderá efectuar, previo coñecemento dos aspirantes, cantas probas relacionadas co posto de traballo a desempeñar para poder establecer a puntuación final.

As cualificacións faranse públicas o mesmo día no que se acorden, expoñéndose no taboleiro de anuncios de 'aestradadixital' e na dirección de Internet www.aestradadixital.org. Os candidatos/as que consigan a máxima cualificación, en cada un dos postos a cubrir, no cómputo total dos diferentes apartados será proposta ó Presidente da Fundación Cultural da Estrada para que faga o nomeamento e se formalice o contrato, quedando seleccionados os dous seguintes, en cada posto a cubrir, en orde de puntuación a modo de reserva.

O Presidente da Fundación Cultural da Estrada

Asdo. José Antonio Dono López